

Saúdo no acto da constitución da Academia e presentación do segundo número da revista RUDESINDUS

Segundo L. Pérez López
Presidente da Academia Auriense-Míndoniense
de San Rosendo

(Celanova, 22 de Novembro de 2008)

Excmos. e Rvdmos. Sres. Patróns da Academia de San Rosendo.

Excmo. e Rvdmo. Sr. Arcebispo Metropolitano.

Ilmos. Sres. e Sras. Académicos/as.

Querido Sr. Bispo de Lugo.

Ilmas. e dignísimas autoridades civís, eclesiásticas e académicas.

Señoras e Señores.

Amigos e amigas, chegados un pouco de toda Galicia e de outras partes.

1. Quero agradecer, en primeiro lugar, ós Sres. e Sras. Académicos/as, que tiveran a ben elixirme Presidente desta importante Corporación. Estou convencido, e non é falsa humildade pola miña parte, que calquera deles están mais dotados humana e intelectualmente para desempeñar esta función. Penso sen embargo que é un detalle que quixeron ter coa Igrexa Míndoniense-Ferrolán, da que formo parte, e que, xunto coa diocese irmá de Ourense, veñen de celebrar os mil cen anos do nacemento de san Rosendo, que dalgún xeito deu un novo pulo á conciencia relixiosa e cultural de Galicia.

2. Vimos de escoitar e cantar no himno de San Rosendo que hai unha roseira enxertada no seu báculo. Eu diría hoxe “no seu corazón”, xa que aquí, ó carón dos seus restos, sentimos latexar o seu alento no medio de nós; e mesmo parecen aledarse connosco estas pedras milenarias ó ver renacer a conciencia da *Gallaecia bracarense e britoniense*, sen as que non pode entenderse a conciencia e o ser da nosa terra no día de hoxe.

Por isto, penso que hoxe é un día histórico para Galicia e para a Igrexa Galega. E, mais aló das nosas humildes persoas, está a agromar unha realidade de suma importancia para pensar con lucidez ó futuro de Galicia sen renunciar a ningún aspecto da súa memoria. Así pois, esta Academia nace cunha definición clara e pre-

cisa e, ó mesmo tempo, aberta e con vontade de diálogo e apertura a tódalas apostas culturais de cara ó futuro da nosa terra.

Con isto pretendemos ser fieis á nosa fe, ó noso tempo e á nosa terra, xa que cultura, ciencia, arte e fe comparten unha orixe e un destino común. Todas as nosas conquistas no mundo trasládannos ó enigma da nosa vida como persoas, inmersas no tempo e anhelantes do que a temporalidade alberga na súa médula mais fonda, na que nos sentimos como creadores e criaturas. Existen aspectos do patrimonio cultural dos pobos que van máis alá de cuestións confesionais, porque reflicten a alma dese pobo. Este é o motivo da relación existente no día de hoxe entre sociedade civil e confesións relixiosas para recuperar o patrimonio cultural da nosa civilización a partir dos ámbitos máis diversos. Aí están a recuperación de fontes documentais, exposicións de diverso rango e ámbito, as monografías sobre institucións e acontecementos do pasado, que proxectan a súa luz no presente e que precisan da súa achega para construí-lo seu futuro.

Ofrécesenos aquí un amplo campo para o diálogo entre a fe e a cultura na súa raíz máis xenuína e orixinal. Dicimos xenuína porque na cultura exprésase o universal e particular do home como posibilidade e realización. Dicimos orixinal porque amosa o propio e específico do home nas súas dimensións máis reais e auténticas. A fe, vista desde ese horizonte, compromete ao home na totalidade do seu ser e das súas aspiracións. Unha fe que se situase na marxe do humano e, polo tanto, da cultura, sería infiel á plenitude de canto a palabra de Deus manifesta e revela, unha fe decapitada, máis aínda, unha fe en proceso de autodisolución.

3. A fe cristiá non destrúe a cultura, se non que da elementos para a súa creatividade. Non rexeita ningún valor xenuíno da sociedade ou dun pobo, senón que fortalece aquilo que é valor permanente e obxectivo á luz do Evanxeo. Por isto, a fe, lonxe de ser un obstáculo, ten que ser unha forza fecunda para a creación de cultura. Non cabe dúbida, pois, que fe cristiá e cultura humana están en estreita conexión, e o gran drama do futuro sería o enfrontamento ou a ruptura entre a cultura e a fe, como xa sinalou, no seu día, o Papa Paulo VI.

A nosa realidade histórica, e a nosa conciencia de cristiáns en Galicia, ten un inxente pasado de fe que transmitir, e unha grave responsabilidade como cidadáns, porque todos eses feitos, institucións e creacións son expresión dunha fe, e ó tempo orixe dunha cultura e dunha forma de entender a existencia que configura o noso ser máis alá do que nos é dado imaxinar. Se renunciámos a isto, a nosa cultura e o noso ser como pobo, corren o risco de quedar sen raíces se os seus precedentes históricos non son permanentemente actualizados e recreados. ¿Onde fundamentar os valores da nosa existencia e do noso futuro, se non somos capaces de recuperar positivamente toda a nosa memoria?

4. A conciencia humana contemporánea está determinada por unha serie de factores: relixiosos, intelectuais, sociais, políticos, xurídicos, económicos e técnicos, cuxa combinación dá lugar á identidade persoal e colectiva. As persoas que pensan actualmente no futuro do noso contorno social, afirman que o novo milenio estará caracterizado por catro grandes influencias relixiosas: o Cristianismo, o Islam, as Relixións orientais, que se presentan con vontade misioneira, e as diversas sectas. Pero isto é relativamente recente, resultado dos grandes cambios que se operan na nosa sociedade globalizada. En realidade a fe cristiá é o elemento decisivo da configuración espiritual e relixiosa dos pobos que compoñemos a vella Europa.

O que hoxe coñecemos como Europa, é unha creación moral xurdida esencialmente como resultado da converxencia do Evanxeo, da razón grega e do dereito romano, ós que logo se engadiron outros impulsos creadores –étnicos, culturais ou relixiosos-, onde se situarían as realidades particulares como a nosa de Galicia. A partir do ano mil xorden as nacións, e o cristianismo será o factor de unidade entre elas. Esta vella Europa, berce das nacións, das universidades, dos concilios, das peregrinacións a Santiago, Roma e Xerusalén, é o fermento da moderna Europa, que xorde daquela herdanza e hoxe sitúase en grandes espazos sociais, onde o particular acrecenta o ser desa nova realidade.

5. Nesta perspectiva é onde se entende a figura de san Rosendo, a quen sen dúbida a faceta que mellor o describe e que mellor encarna de xeito estable o seu ideal, é a de monxe. Un monxe do século X vivindo en Galicia, que non deixa de ser un *finis terrae* en moitas facetas humano-culturais; el é tamén o que fai a implantación da vida monástica, tal como era vista e querida polo papado e polo imperio carolinxio, de tal xeito que el enlaza este espazo setentrional da vella Gallaecia con Europa. Non debemos esquecer que os primeiros peregrinos coñecidos que veñen ó sarteiro do Apóstolo Santiago, como Godescalco de Le Puy, fano sendo bispo do *locus apostólicus* san Rosendo. O movemento monástico en Europa vive un momento de esplendor, sobre todo a partir da imposición da Regra beneditina, e a partir do renacemento Carolinxio, que terza, co seu ímpetu reformador, practicamente en tódolos os aspectos da vida da igrexa e da sociedade.

San Rosendo é, sen lugar a dúbidas, a personalidade máis importante da *Gallaecia* altomedieval, e a súa figura brilla con luz propia no século X. Os tres grandes mosteiros fundados en Galicia naquel século: Lourenzá no norte, Sobrado no centro e Celanova no sur, teñen relación familiar e espiritual coa persoa de san Rosendo. A eles haberá que engadir as casas filiais destes e as intervencións noutras casas, nas que san Rosendo despregou unha grande actividade reformadora, fundando diversos cenobios baixo a advocación do Salvador, posiblemente condicionado por unha piadosa anécdota moi repetida no ámbito familiar a partir da súa nenez, segundo a cal a súa nai Ilduara, a fin de poñer remedio á súa inicial esterilidadade, elevou frecuentes súplicas nunha pequena igrexa dedicada a San Salvador

(sen cesar nas súas continuas súplicas... -en- unha igrexa que fora consagrada en honor de San Salvador). Unha advocación que, en efecto, móstrase constante en todas as fundacións do santo: boa proba é esta casa que hoxe nos acolle.

Podemos dicir que o tecido monástico de Galicia está, todo el, en relación con san Rosendo e a súa familia. Tamén podemos afirmar, sen temor a equivocarnos, que na figura de san Rosendo atopamos un antes e un despois no monacato de Galicia, no conxunto da vida da Igrexa Galega e nos máis variados aspectos da sociedade da nosa terra.

6. Indiscutiblemente Celanova é un dos centros simbólicos de Galicia. Se Compostela nos remite ós días de Xelmírez, do esplendor románico e da secesión de Portugal, Celanova é o resumo da Galicia reconquistadora e internamente pacífica da época de Hermenexildo, o galego que entrou por primeira vez nunha “medina” árabe, en Coimbra, do seu fillo Gutier, da súa dona Ilduara Eiriz e do seu neto Rosendo Gutiérrez, a quen se chamou “príncipe supremo de Galicia”, o P. Flórez “sol na Igrexa” e López Ferreiro “pai da patria”, daqueles, en fin, que edifican a Galicia dos séculos IX e X.

A vida e os feitos de san Rosendo chegaron ata nós en documentos contemporáneos relativos ó mosteiro celanovés, que vén ser, no século X, o que fora Santo Toribio de Liébana no século VIII, para implantar o programa carolinxio, figura da que M. C. Díaz e Díaz di que “no século X brilla con luz inmarcescible a figura senlleira de san Rosendo”, engadindo que el é a figura clave para comprender as circunstancias e situación dos séculos medios. O relato da vida de san Rosendo, transmitido polos monxes Estevo e Ordoño de Celanova, descríbennos o perfil do paradigma de monxe no que se unen o celo pastoral e doadas aptitudes para gobernar a sociedade civil do momento. Xa que logo, pódese equiparar, no que ao monacato se refire, coa figura de san Martiño Dumense no século VI. As noticias documentais son de tal amplitude e rigor que se poden perfilar con certeza as características do movemento monacal, creado nuns casos e reformado noutros, por san Rosendo.

O nome de san Rosendo, unido a Mondoñedo, Compostela e Celanova, resume a historia da Galicia do século X, no que a vida monástica vén ser coma un auténtico faro de luz, cultura, renovación material e espiritual desta terra. É, sen dúbida, o preludio da posterior floración cluniacense e cisterciense, sen as cales non se pode entender a historia e a cultura de Galicia. Sobre todo isto queda moita luz que aportar, se dende esta nova Academia e o seu órgano de expresión, que é *Rudesindus*, logramos abrir algunha porta ou xanela de certa importancia.

7. O Camiño de Santiago foi desde os comezos, pola súa significación e polas súas achegas múltiples, un fenómeno importante que condicionou o modo de ser de gran parte de Europa; e iso, porque o peregrino xacobeo veu cumprindo ininte-

rrompidamente unha vocación itinerante, que o levaba a ser “viaxeiro do sagrado” e transmisor de saberes.

A multitude de peregrinos cada vez se acrecenta máis, xa que concorrían de todas partes do mundo a visitar a igrexa compostelá, a cal, xa que logo, *posita est in orbis spectaculo*.

A parte do senso espiritual, houbo dous aspectos que, no caso do Camiño de Santiago, fixaron a atención: unha relacionada co movemento de mercancías e outra co de ideas e, en particular, estilos artísticos e devocións. Estando en boga a historia económica, non é de estrañar que se estea atento á importante función comercial do Camiño de Santiago, coa conseguinte aparición dunha burguesía, o establecemento de comerciantes francos ou xudeus, a creación de feiras e o cobramento de peaxes ou portazgos ás persoas e ás mercancías.

Europa é unha realidade espiritual e xeograficamente complexa que ten a súa orixe na herdanza cultural que, partindo de Grecia e Roma e prolongándose polo impero bizantino e o romano xermánico, deixa atrás Ilustración e modernidade, ata situarse con forza na realidade presente. De modo que o legado que configura o continente europeo é múltiple: componse da herdanza achegada por cada unha destas culturas. A Europa na que vivimos, tal e como a coñecemos na actualidade, xorde trala Idade Media, despois de que o Cristianismo e a Igrexa se integrasen en case todos os ordes, conformando as consciencias, as institucións, a arte e a vida política. A súa historia comeza a partir da era antiga en función do Islam, cuxa expansión militar, relixiosa e política, orixinou un troco radical nas formas de vida do Occidente cristián.

8. O século XX foi o século dos grandes progresos: ciencias, sanidade, desenvolvemento, riqueza, liberdade. Supuxo admirables e irrenunciabes conquistas humanas e humanizadoras, promovendo a aceptación da Declaración universal dos dereitos humanos, conquista predecesora doutras normas destinadas á defensa da convivencia pacífica de todos os homes e mulleres. Pero este potencial para o ben foi tamén eficaz para o mal. Europa perpetrou a perversión dos seus mellores valores e ideais; e logo realizou un intento de reconstrución que evita a repetición da barbarie anterior. As dúas guerras mundiais resultaron da degradación dunha cultura, que elevou a valores supremos as categorías de raza e nación, a vontade de poder e a ideoloxía revolucionaria, aos que adorou, sacrificando millóns de vítimas.

O Concilio Vaticano II, a nivel humano e crente, xogou un importante papel na configuración da conciencia europea das últimas décadas, propugnando unha nova presenza dos cristiáns nos diversos ámbitos da sociedade, suscitando, deste modo, unha nova relación coas culturas e as relixións. Á luz disto, a conciencia cristiá ten que integrar decididamente os valores de liberdade, de conciencia privada

e pública recoñecidos polo Concilio, en tódolos ámbitos da súa presenza pública, evitando calquera tentación de regreso ós momentos dunha determinada forma de cristiandade en que non foron respectados.

O feito de que o cristianismo se veña afirmando como unha opción válida e razoable, ó longo destes vinte séculos, débese á síntese que levou a cabo entre razón, fe e vida, converténdoo en potencia capaz de subverter a filosofía ambiental, o politeísmo e a desesperanza dos cultos orientais. Esa convicción foi a que nos sostivo ata hoxe, aténdose á verdade da ciencia, á verdade da acción e á verdade da persoa. Con ela, o cristianismo herdaba o mellor dos seus predecesores: o logos socrático, a vontade científica dos gregos e a obxectividade do dereito de Roma. Desta forma, transfería ó home da arbitrariedade ó fundamento da realidade, da violencia ó ditame da razón e do individualismo anárquico á claridade do dereito, que afirman ó feble fronte ó poderoso e outorgan a cada próximo a mesma porción de verdade, aínda cando non teña a mesma parcela de poder.

A súa grande repercusión, neste sentido, maniféstase nunha serie de valores que lle son propios e que se converteron en fundamento da identidade das culturas que compoñen os nosos pobos; tales como a defensa do home como persoa, que está dotado de liberdade, atributo que segundo Hegel é a suprema achega do cristianismo; o concepto de próximo, a igual dignidade persoal dos sexos, o concepto de responsabilidade, o valor absoluto de cada vida humana perante Deus, e o valor das accións humanas en si mesmas. Feitos concretos doutros tempos históricos, e que hoxe todos deploramos, non invalidan a achega do cristianismo como a forma mais importante da historia da humanidade.

9. Con sinxeleza e humildade queremos mirar e loitar por estas metas e, dende esta Academia, tentaremos ser fieis ó noso legado cultural e espiritual. Farémolo con rigor e seriedade, nunha actitude aberta e dialogante, na procura da verdade que da sentido e razón ó noso ser de cristiáns e galegos nesta hora presente.

Unha primeira expresión do noso traballo xa está entre nos. É *Rudesindus, Miscelánea de arte e cultura*, da que hoxe teño a honra de presentarlles o segundo número.

Esta miscelánea xorde como órgano de expresión da Academia de estudos sobre a figura de san Rosendo, de quen vimos de celebrar os mil cen anos do seu nacemento (907-2007). Por outra banda, quere servirle de portavoz para o estudio dos Camiños de Santiago nas provincias de Lugo e Ourense. Nunha palabra, pretende achega-lo patrimonio cultural e espiritual das igrexas mindoniense-ferrolá e ourensá e o de outras áreas significativas para a nosa cultura coas súas riquezas, non só aos estudosos, se non tamén a toda a xente de boa vontade que valora a achega da fe cristiá ó ser e á cultura da nosa terra.

Se o primeiro número de Rudesindus nos achega un pouco mais o espazo mindoniense e o impacto rosendiano naquelas terras, o número dous, que hoxe temos o gusto de entregarlles, achéganos traballos máis relacionados con Celanova e a igrexa ourensá. Basta con botar unha ollada ó índice do número que ven de saír do prelo. Velaquí os títulos e autores:

1. *Prólogo.*

Miguel Ángel González García.

2. *Celanova, centro rosendiano no Ano Xubilar.*

Benito Gómez.

3. *A devoción a San Rosendo na diocese de Ourense.*

Cesáreo Iglesias Grande.

4. *Crónica del Año Jubilar de San Rosendo en la Diócesis de Mondoñedo-Ferrol.*

Manuel Mejuto Sesto (†).

5. *San Rosendo y su época.*

Manuel Cecilio Díaz y Díaz (†).

6. *San Rosendo y Santiago.*

Alejandro Benito Barral Iglesias.

7. *Una embajada de San Rosendo ante el califa en el año 974.*

Manuel Carriedo Tejedó.

8. *La música polifónica en el monasterio de San Salvador de Celanova.*

Manuel Rey Olleros.

9. *El retablo de San Rosendo en la Iglesia Monasterial de Samos.*

Miguel Ángel González García.

10. *Pregón de San Rosendo (1977).*

José Santiago Crespo Pozo (†).

Este é o resultado do traballo ben feito, que queremos seguir facendo agora e no futuro. Para isto convóquelles a todos Vds. que tanto nos honran coa súa presenza e amizade.

10. O grande número de persoas tan cualificadas, asistentes a este acto, é para nos unha esixencia e un estímulo. Non podemos defraudar a confianza que Vds. poñen nesta corporación académica, á que me sinto tan agradecido como incapaz para presidila. Que o Divino Salvador e San Rosendo sexan os nosos valedores.

Soamente me queda, e non en derradeiro lugar, dar fe pública do noso agradecemento ós colaboradores e patrocinadores deste traballo. De xeito especial e relevante á Dirección Xeral de Turismo e á Xerencia do Plan Xacobeo da Xunta de Galicia. Sen a súa achega económica non serían posibles estes dous números. Grazas a todos eles podemos asistir a este novo proxecto que nos enriquece, dalgún xeito, a todos os galegos. Moitas grazas.

